



RESOLUCIÓN do 21 de outubro de 2019, da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se adxudica ás embarcacións seleccionadas a modalidade de anémone ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico anémone, modalidade de mergullo con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Cedeira aprobado para o ano 2019.

De conformidade co establecido na resolución do 23 de setembro de 2019 da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, que resolve o proceso selectivo para asignación da modalidade do recurso específico anémone a catro embarcacións no permiso de explotación:

RESOLVO:

Adxudicar a modalidade do recurso específico anémone con **dous (2) cupos** para mergulladores no permiso de explotación a cada unha das seguintes embarcacións:

- **O ALTAR 3ª FE-4-1-13** de Jorge Jesús Bouzas Freire (DNI:32.706.300R).
- **CAJALLO 3ª FE-4-1-01** de Nuevo Neptuno S.L. (CIF:B74.408.139).
- **IKER 3ª FE-5-1-12** de Oscar Pazos Sánchez (DNI:32.657.480X) e Juan Manuel Pazos García (DNI:32.620.592Z).

de conformidade co persoal enrolado, as certificacións profesionais correspondentes e coa documentación que acredita o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación.

Transcorrido o prazo establecido sen que esta Administración teña constancia da recepción da documentación requirida o 23 de setembro de 2019 a Jose Antonio Pernas Loureiro (DNI:32.646.759F), titular do permiso de explotación da embarcación CANOURA (FE-5-1-16), resulta procedente declararlle desistido da súa solicitude, en aplicación do disposto nos artigos 21 e 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Cedeira e na xefatura comarcal de Ferrol.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación

O xefe territorial

Juan Carlos Barreiro González

